



## ANUNCIO

### PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL INTERINA DUN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

#### LISTA DE ADMITIDOS, VALORACIÓN DE MÉRITOS E PROPOSTA DE CANDIDATO A SELECCIONAR.

Por Decreto de Alcaldía nº 237/2014 de 18 de xuño aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal con carácter interino dun Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Salceda de Caselas, durante o periodo de ausencia por incapacidade laboral temporal da persoa que estaba ocupando este posto.

En sesión celebrada o 27 de xuño de 2014, reuníronse ás 9:30 horas na Sala de Xuntas do Concello de Salceda de Caselas, os membros do Tribunal cualificador do proceso selectivo, composto polas seguintes persoas:

Presidenta: Dna. Elisa Marqués Parrilla.

Secretario: D. Carlos López Quintáns.

Vogais. - D<sup>a</sup>. María Jesús Antelo Barreiro e Dna. Isabel Bugarín Areal.

#### CONSIDERACIÓNS PREVIAS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR:

- ✓ Na Base terceira da convocatoria do proceso de selección establécese que "O Concello de Salceda de Caselas solicitará cinco traballadores para o posto de AEDL que se pretende cubrir, mediante a presentación da correspondente oferta de emprego na oficina pública de emprego (...)". Pola Oficina de Emprego de O Porriño enviáronse notificacións a seis candidatos que cumprían cos requisitos. O Tribunal de Selección determina aceptar aos seis candidatos malia que as bases indiquen cinco. Os motivos son que favorece a concorrencia, a orde reguladora da subvención para contratación de AEDL non establece un número máximo de candidatos convocados pola Oficina de Emprego e por último, que non existirían criterios para excluir a algún dos candidatos presentados unha vez que todos eles foron convocados pola Oficina de Emprego.
- ✓ Para valorar os másters, cursos e xornadas teñen que estar plenamente identificados o contido dos mesmos e ter unha relación directa co posto e as tarefas a desenvolver.
- ✓ As xornadas valóranse a 0,01 puntos, independentemente da duración, dado que as bases non recollen a valoración que se da a cada xornada cando conste duración.
- ✓ Formación complementaria e informática: de conformidade coa cláusula 6<sup>a</sup> das Bases de Selección, téñense en conta os cursos **organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo neste último caso que estar os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación directa coas funcións propias da praza que se convoca.** É dicir, os cursos organizados por empresas privadas que non estén homologados ou avalados por organismo público, non se valoran.





- ✓ Dado que as bases de selección non se pronuncian ao respecto, os cursos de formación nos que aínda existindo constancia das horas non cheguen a unha duración mínima de 30 horas, valóranse como unha xornada, a razón de 0,01 puntos.

Vistas as instancias presentadas, todas elas en prazo, o Tribunal eleva a seguinte lista definitiva de admitidos, non existindo ningún candidato excluído.

**LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS:**

1. MARÍA ISABEL RODRÍGUEZ OUTERELO.
2. YONATHAN ALONSO RODRÍGUEZ.
3. IRIA LAMEIRO GONZÁLEZ.
4. MARÍA FLORINDA MACEIRA MACEIRA.
5. MARÍA LUZ PAMPILLÓN FERNÁNDEZ.
6. MARÍA JOSÉ JUSTO JUSTO.

**LISTA DE VALORACIÓN DE MÉRITOS**

Conforme á base sétima da convocatoria, o Tribunal valorou os méritos presentados polos candidatos que foron admitidos no proceso de selección e en base á puntuación obtida por cada un deles, estableceu a seguinte clasificación por orde de puntuación decrecente:

CANDIDATO	TITULACIÓN	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	EXPERIENCIA PROFESIONAL	INFORMÁTICA	GALEGO	TOTAL PUNTOS
1ª) MARÍA ISABEL RODRÍGUEZ OUTERELO	2,5	2	5	0,25	0,25	10
2ª) JONATHAN ALONSO RODRÍGUEZ	2,5	0	2,4	0	0	4,9
3ª) IRIA LAMEIRO GONZÁLEZ	2,5	2	0	0	0,25	4,75
4ª) MARÍA FLORINDA MACEIRA MACEIRA	2,5	0,31	0,4	0	0,25	3,46
5ª) MARÍA LUZ PAMPILLÓN FERNÁNDEZ	2,5	0,01	0	0,05	0,25	2,81
6ª) MARÍA JOSÉ JUSTO JUSTO	2,5	0	0	0	0,25	2,75





**Conforme ao exposto, a candidata que se propón por este Tribunal para a súa selección é Dna. María Isabel Rodríguez Outerelo con DNI nº 35566757V.**

Conforme á base oitava da convocatoria, requíreselle á Dna. María Isabel Rodríguez Outerelo para que presente no rexistro do concello, no prazo de dous días hábiles contados dende o seguinte á publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello a seguinte documentación (a data límite para presentar a documentación será o día 30 de xuño de 2014):

-Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.

-Copia compulsada polo Concello de Salceda de Caselas ou Notario da tarxeta da seguridade social.

-Copia compulsada polo Concello de Salceda de Caselas ou Notario da tarxeta de desemprego ou da tarxeta de mellora de emprego.

-Certificado orixinal de titularidade de conta bancaria.

Ata que se formalice o contrato e o traballador se incorpore ó posto, os/as aspirantes non terán dereito á percepción económica algunha.

Contra a proposta do Tribunal, que non agota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación desta proposta no Taboleiro de Anuncios do Concello, ante o Señor Alcalde, de acordo co establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/92.

Salceda de Caselas, 27 de xuño de 2014

**O Secretario do Tribunal**

Carlos López Quintáns

